

Mercedes Peón e Laura Lamontagne no Festival Sons da Canteira

Páxina IV

Salceda ofrece á Xunta o antigo Centro de Saúde e A Revolta de Parderrubias para aulas escolares

Páxina V

Abre o edificio de Benestar Social de Tomiño, tras a rehabilitación enerxética

Páxina XII

Cinco mulleres premiadas no 8º Certame de pintura ao aire libre

Páxina XIII

Mellora do entorno do Parque de Laxe Grande na Guarda

Páxina XIII



O Santuario da Nossa Senhora do Sameiro en Braga: Xénese de peregrinación da Vía Mariana Luso-Galaica

Páxinas VI-XI



OPINIÓ

Por Manuel Estévez

Miguel Torres, un icono dos vocalistas galegos

Noutro a Orquestra Pose de San Martiño de Fontecada de Santa Comba, desloca-se ata o Bierzo en terras de León, para amenizar as Festas Ribera de Folgoso.

Naquel mes de abril dos primeiros anos da década dos sesenta, durante a actuación, convidaron a subir o palco a un xoven traballador nas minas, con sona de cantar moi ben.

Miguel Torres, deixou impresionado o director da formación galega, o saxofonista, Manuel Pose, cando escoitou o invitado imitar os grandes da copla, Antonio Molina e Manuel Fariña.

!Si señor!, aquel mozote que entrara na vida laboral, sendo aínda un rapaz, como axudante de picador, logo barrenista e entibador, modoulle a vida en pouco tempo, despois de cantar, "Una paloma

blanca" e "Mi perro amigo" nas festas do seu berce natal.

Non pasou moito tempo en chegar a bisbarra do Jallas, para converterse na voz principal da Orquestra Pose, arroupado de grandes músicos, participando no seguinte ano, no concurso radiofónico "Desfile de Estrellas", da emisora Radio Coruña, competindo con outras voces, entre eles os vocalistas das afamadas orquestras Os Satélites e Os Trovadores, ambas das de A Coruña, sorprendendo a audiencia co primeiro premio "Estrella de Oro".

Foi seguido por Manuel Muñiz, quen non tardou en chamalo por teléfono, ofrecéndolle un sustancial contrato, deixando o leonés o posto de traballo, como auxiliar de carreteras e na Concentración Parcelaria, que alternaba coa música, para dedicarse profesionalmente a cantar, convertíndose

na voz principal da Orquestra Compostela.

O salto os palcos coa formación que levaba o nome da capital galega polo mundo nos atriles, durou perto de catro décadas. Unha longa taxectoria, aquí e alen mar, con actuacións, gravacións e xiras por Europa e no outro lado do Atlántico, fundamentalmente en Centros Galegos, colleitando multitudinarios éxitos personais, vendendo discos e recibindo mencions honoríficas.

Na Orquestra Compostela, permececeu 38 anos ata o ano 2002, data da reestructuración da formación de Manuel Muñiz, integróuse logo na Orquestra Poceiro Big Band, onde continuou colleitando éxitos.

Recibiu o "Percebe de Ouro" en Barcelona no 2008 por súa contribución a Cultura Galega e mesmo a Medalla de Prata entregada polos colectivos galegos no Exterior, durante a sexta Xuntanza da Emigración en Palas de Rei (Lugo).


Miguel Torres, coñecido aquí e noutras terras pola interpretación de temas emblemáticos como "Mirando hacia la bahía", "El Emigrante" ou "Campanero Jerezano",



na actualidade forma parte de "Lume" con antigos camaradas, unha formación sinxela e cercana para espazos familiares.

Unha institución musical en Galicia.

MARTIRENA


NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Balomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

Concello e Deputación comprobaron as obras de reforma urbana na rúa Doantes

Alcaldesa, Eva García e o primeiro tenente de alcalde, Pedro Pereira comprobaron, xunto cos deputados provinciais, Carlos López Font e Santos Héctor o desenvolvemento das obras de reforma urbana na rúa Doantes de Sangue. A actuación tradúcese nunha ampliación de beirarrúas, mellora da seguridade vial mediante resaltos para o calmado do tráfico e pasos peonís nos accesos tanto aos centros docentes como tamén ás instalacións do Polideportivo Municipal e outros edificios oficiais e privados.

Para o orzamento da obra, que chega ao medio millón de euros, a Deputación Provincial aportou a través do Plan "Depo-Remse" o 85% do mesmo e o Concello o 15% restante. As obras que están a executarse pola empresa "COVSA".

"Esta actuación no Porriño é exemplar para que as persoas recuperen e ocupen os espazos públicos que antes utilizaban os vehículos", manifestou Carlos López Font. "Neste caso concreto



estamos nun entorno que definiría coma paradigmático pois temos un instituto, un colexio, polideportivo municipal, edificios oficiais como a Tesorería da Seguridade Social, Centro de Saúde o so Xulgados, que moven xente de todas as idades que se beneficiarán deste cambio radical por unha mobilidade transformadora e segura", engadiu o deputado responsable de Infraestruturas.

Pola súa banda, Eva García ponderou "o traballo realizado"

polo concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira "pola súa capacidade para buscar e axeitar solucións constructivas conforme avanzaba a obra".

Para Eva García "esta obra é un primeiro paso para evidenciar que o concepto de cidade que compartimos neste goberno de coalición vaise facendo realidade para transformar O Porriño e agardo que sexa coa plena colaboración da Deputación Provincial coma acontece dende hai 5 anos".

O goberno municipal esixe á empresa que subroga aos traballadores da recollida do lixo

A empresa "Narom S.L." que se fixo cargo dende o pasado luns 17 da recollida do lixo no Porriño, subrogará aos traballadores que prestaban este servizo coa anterior empresa, "Ascan".

Este foi o compromiso acadado despois dunha reunión mantida polo goberno municipal co empresario. Encontro que presidiu a alcaldesa Eva García e no que participaron tamén Pedro Pereira, primeiro tenente de alcalde, e Sergio Casal, concelleiro delegado de Limpeza e Medio Ambiente.

A continuación, tanto Eva García como Sergio Casal comunicaron o acordo acadado aos traballadores e ás representacións sindicais de CIG e UXT.

Os sete traballadores do servizo iniciaran onte concentracións de protesta diante do Concello para



reclamar a subrogación que hoxe remataron nada máis coñecerse o acordo

A alcaldesa explicou que "a pesares de que o contrato non puido ser licitado aínda, prevalece o establecido no Estatuto dos Traballadores que garante o dereito á subrogación. Polo tanto a empresa que se fai cargo agora da recollida do lixo manterá a

plantilla preexistente segundo esiximos", manifestou Eva García. A rexidora lembrou que "dende a Alcaldía sempre amosamos unha postura inflexible a favor de que os traballadores tiñan que ser subrogados a pesares de que estamos ante un contrato que aínda non se licitou pola súa complexidade e dificultades legais que xurdiron".

Probouse no multiusos de Torneiros unha cabina anti-covid desenvolvida por unha empresa do porriño

Esta semana na porta de acceso principal ao Multiusos de Torneiros está a proba unha cabina anti-Covid desenvolvida por "Ramecq", unha empresa do Porriño.

O pórtico de entrada, está dotado cun sistema de toma de temperatura, dispersor vaporizador, xel hidroalcohólico e alfombra desinfectante como xa tiveron oportunidade de comprobar as persoas que acuden ás oficinas de "Porremprego" e demais servizos ubicados no Multiusos de Torneiros.

Segundo explica a empresa "Ramecq" na súa páxina web, o sistema co que está dotada a cabina "Smart Sanitizer" que desenvolveron, emprega produtos químicos e desinfectantes aprobados polas normativas europeas e respetuosos co medio ambiente. Esta empresa ten a súa sede no polígono industrial de A Granxa.



David Alonso, concelleiro de Servizos Sociais e Emprego manifestou que "colocaremos a cabina a proba noutras instalacións municipais coma o Polideportivo, tamén no Centro Cultural e falei con Alfonso Pato, director do Festival de Cans para que valoren a súa instalación na vindeira edición deste evento".

A policía local multa por fumar en público sen respetar a distancia

A Policía Local do Porriño informa que o domingo 16, pola tarde, impuxéronse as tres primeiras denuncias por incumprimento da restricción de fumar sen respetar unha distancia de 2 metros. Dúas desas sancións levántanse contra un camareiro e un cliente dun mesmo establecemento de hostalaría do casco urbano que estaban fumando sen gardar a distancia social.

O terceiro caso denunciouse por fumar na vía pública incumprindo tamén o preceptuado na normativa que aprobou a Xunta de Galicia e que está en vigor

dende o pasado 14 de agosto.

A Policía Local do Porriño informa que ese mesmo domingo levantáronse 5 denuncias a peóns que circulaban sen facer uso da máscara. Dúas delas, tramítarase contra veciños do Polígono de Torneiros e as tres restantes no casco urbano.

Dende a Concellería de Seguridade lémbrese á veciñanza do Porriño a obrigatoriedade de empregar a máscara de protección cando salgan ás rúas, aínda que sexa para baixar o lixo ou para coller o coche así como nas zonas comúns nos edificios de vivendas.

LOURINHA

O PORRIÑO / SALCEDA

O Festival Sons da Canteira mixturará modernidade, entorno natural e historia industrial

O primeiro Festival Sons da Canteira se celebrará no Porriño o sábado 29 de agosto. Un evento artístico que recolle unha mostra variada da música contemporánea galega nun entorno natural, unha canteira en restauración en Vilafria (Atios) que semella un anfiteatro de pedra.

Cami Moreira, concelleira de Cultura e responsable da organización deste evento que patrocina o Concello, a través do seu departamento, lembrou que hai un precedente, en 1994, dun concerto nunha canteira no Porriño, a cargo de "Milladoiro" que se chamou "O son da pedra" ao que Cami asistiu. Evocou que "quedei



abraiada do escenario natural".

Neste primeiro "Sons da Canteira" haberá catro actuacións. Abrirá o artista multimedia Juanma LoDo. Polo escenario seguirán o grupo "Baiuca", Mercedes Peón

e o dúo Laura Lamontagne e PicoAmperio. Tamén colaborarán no festival catro compoñentes da Asociación "Os Penediños" de Atios.

Adrián Fragueiro, de "Doppler

Gestión Cultural" valorou a participación de Juanma Lodo, "nado a poucos metros da canteira, que nos sorprenderá cun espectáculo especialmente preparado para a ocasión, e que ademais, como membro do equipo de produción, será o responsable das proxeccións e videomapping ao longo das sete horas do festival", engadiu.

O aforo estará restrinxido a 500 cadeiras. As localidades deben mercarse a través da taquilla electrónica habilitada e co prezo inclúe o traslado dos espectadores ata a canteira que se realizará en autobuses que saíran dende a Avenida de Galicia. As localidades están á venda na páxina web www.woutick.es.

Iníciase a contratación da recollida de lixo

O Pleno acordou iniciar o expediente de contratación do servizo de recollida e transporte do lixo. O novo contrato que comeza a prepararse contempla tamén que o futuro adxudicatario se faga cargo doutros residuos domésticos e asimilables e da xestión do "Punto Limpo", segundo explicou Sergio Casal, concelleiro de Limpeza que defendeu a proposta.

O acordo acadouse con cinco votos a favor (os catro do PSOE, e Manuel Carrera da UDDL), o voto en contra de Blanca Francés, de EU SON e as abstencións do BNG e do PP. Previamente desestimouse unha enmenda do PP que pretendía deixar o asunto enriba da mesa.

Contratada a empresa que reforzará a limpeza de fincas do Plan contra Incendios de Mos

As execucións subsidiarias de Medio Ambiente para a limpeza de fincas dentro do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais empezaron a principios de xuño e refórzanse agora coa contratación desta empresa, que comezará a actuar no prazo dunha semana..

Neste senso, e para tranquilidade dos denunciante, procédese a limpeza de fincas con expediente sancionador de Medio Ambiente que non foron limpadas polos seus propietarios no prazo establecido. E comunícase, para coñecemento dos propietarios que, ante calquera dúbida, poden chamar por teléfono á concellería de Medio Ambiente (986 09 70 37) para pedir cita.

O concelleiro de Medio Ambiente, Leo Costas, apelou á calma dos veciños denunciante, xa que desde que formalizan a denuncia ata que se executa a limpeza subsidiariamente é precisa a realización dunha serie de trámites administrativos que



levan un tempo.

Este procedemento atópase incluído no Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais que o Concello de Mos aprobou tras terse adherido ao convenio coa Consellería do Medio Rural, SEAGA e a Fegamp, sendo redactado por un titulado universitario forestal.

Este Plan Municipal inclúe aproximadamente 15.000 fincas inventariadas cuxos propietarios deben proceder á súa limpeza.

Salceda envía unha solicitude á Consellería de Sanidade e ao SERGAS pola situación que se está a vivir no Centro de Saúde

Alcaldesa, Loli Castiñeiras, expón que nas últimas semanas están a recibir multitude de queixas dos veciños pola dificultade que se está a producir para recibir atención no Centro de Saúde.

Lévanse producido situacións de ter realizado máis de 15 chamadas ao centro de saúde sen que ninguén responda, e cando o veciño ante esta situación se achega ata o edificio para conseguir unha cita tampouco lle dan esa opción, comunicándolles que as citas tan só se poden dar a través de chamada telefónica. Isto estase a producir tamén naqueles casos en que o/a paciente sae dunha consulta presencial e se achega ao mostrador para pedir unha cita, negándoselle esa cita e obrigando á persoa a chamar por teléfono para solicitala, chamada que logo, non se responde.

A isto súmase que as persoas que por fin conseguen que lles establezan unha cita se atopan con que a primeira cita se está a



dar con máis de 15 días de retraso, o que perde todo sentido cando estamos a falar de atención primaria.

Como consecuencia desta situación son moitos os veciños e veciñas que acoden ao servizo de urxencias do PAC do Porriño ou que se presentan directamente no Hospital Álvaro Cunqueiro, co consecuente colapso dos servizos de urxencias en cuestións que a priori dependen da atención primaria.

Ante esta situación son numerosas as reclamacións trasla-

dadas a este Concello. A alcaldesa considera especialmente grave e moi preocupante que nun momento de pandemia como o que estamos a vivir neste momento resulte practicamente imposible acceder á atención primaria, que debería estar máis cerca que nunca da veciñanza.

A alcaldesa solicitou á Xunta que se tomen medidas para corrixir esta situación, co reforzo de persoal administrativo e de liñas telefónicas, de xeito que se garanta unha correcta atención á nosa veciñanza.

SALCEDA

Salceda úrxelle á Xunta a renovación dos baños do colexio Altamira

O Concello de Salceda de Caselas ven de solicitarlle á Xunta de Galicia que acometa a renovación dos aseos do CEP Altamira, unhas instalacións con máis de 40 anos de antigüidade que coa situación de pandemia que se está a vivir resultan un posible foco de infección para os 600 nenos e nenas escolarizados no centro, un dos máis numerosos de Galicia. Tamén o Consello Escolar, con representación do profesorado, pais/nais e o propio Concello, aprobou unha solicitude no mesmo senso, que lle foi trasladada xa á Xunta de Galicia. Se xa viña sendo unha necesidade urxente, esta situación vese agravada pola pandemia da COVID.

O Xefe Territorial, César Pérez Ares, comprometeuse xa fai máis de dous anos a que, unha vez se rematase a ampliación do CEP Altamira (realizada no 2018), se procedería á renovación dos aseos, tal como lle trasladou á directora do centro daquel momento, e tal como foi exposto entón no Consello Escolar. A día



de hoxe os aseos seguen sen reformar polo que o Concello ven de remitir unha nova solicitude con un orzamento da obra precisa, facilitado por un construtor local, no que as obras ascenden a 32.350 € máis IVE no edificio principal, e 31.740 € máis IVE no edificio do ximnasio. As mencionadas obras deberían ser levadas a cabo canto antes pola Xunta de Galicia, para que o colexio estivese listo para ser empregado en setembro sen problemas de salubridade para os nenos e nenas.

Lembran dende o equipo de

gobierno que entre o ano 2019 e o 2020 son cinco as citas solicitadas coa Consellería de educación (tres co xefe territorial e dúas coa exconselleira), sen que se dese resposta a ningunha delas, no que dende o Concello se considera unha mostra de deslealdade institucional e falta de compromiso coa veciñanza, polo que a única fórmula dispoñible para este tipo de solicitudes pasa a ser a da comunicación escrita, agardando que deste xeito sexa atendida, en aras a garantir a seguridade dos nenos e nenas salcedenses.

A alcaldesa de Salceda ofrece á Xunta o antigo Centro de Saúde e A Revolta de Parderrubias para aulas escolares

O Concello de Salceda de Caselas vén de ofrecer á Consellería de Educación da Xunta de Galicia o inmoble que albergaba o antigo centro de saúde da vila para que poida ser utilizado para uso educativo e “poder baixar as ratios dos colexios” no inicio do novo curso. Nesa liña, o Goberno local levará ao pleno do vindeiro día 27 de agosto, o campo de uso do edificio para poder utilizalo no uso educativo e fará o mesmo coa antiga aula unitaria de Revolta, en Parderrubias.

A volta presencial ao colexio en menos de tres semanas, logo

de dous meses de clases telemáticas e as vacacións de verán, preocupa especialmente en Salceda de Caselas que, tal e como lembra a alcaldesa Loli Castiñeira, conta nestes momentos “con máis de 800 nenos e nenas entre os colexios de infantil –CRA Raíña Aragonta– e primaria –CEP Altamira–.

Entende o Concello de Salceda que para garantir a seguridade dos nenos e nenas “é fundamental a diminución das ratios” pero tamén é consciente da realidade que non é outra que “ámbolos dous colexios non dispoñen de aulas suficientes para garantir

diminución”.

Considera a alcaldesa Loli Castiñeira que á hora de garantir a seguridade dos nenos e nenas “a colaboración entre administracións ten que ser indiscutible”, motivo polo que o Goberno local pon a disposición da Consellería tanto o inmoble do antigo centro de saúde coma a antiga aula unitaria de Revolta, na parroquia de Parderrubias.

Queda por último a alcaldesa “a disposición da Consellería” para que realicen unha visita aos espazos de cara “a coordinación do seu uso cando vostedes consideren”.

O Concello de Salceda solicita á Subdelegación do Goberno “un reforzo da vixilancia”



A alcaldesa de Salceda de Caselas, nun escrito dirixido á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, vén de pedir un reforzo da vixilancia no Concello de Salceda de Caselas por parte dos diferentes corpos de seguridade do Estado, “garantindo a seguridade da nosa veciñanza”.

No seu escrito, a alcaldesa de Salceda salienta que nas últimas semanas “estamos a detectar un incremento de actos de incivismo no noso municipio que están a afectar a convivencia pacífica e o descanso da nosa veciñanza” citando entre outras as aglomeracións nas zonas de ocio nocturno, ruidos ata altas horas, incumprimentos das normas vinculadas á COVID 19, festas en vivendas particulares, etc.

Do mesmo xeito Loli Castiñeira cualifica de “moi preocupante” o incremento de actos de condución temeraria “que fan que ultimamente se nos estea a facer coñecedoras de carreiras ilegais de coches, derrapes e outras accións temerarias que poñen en serio perigo a seguridade de viandantes, así como do resto de vehículos que fan uso das vías públicas”.

Para a rexedora local de Salceda, estas actitudes non son algo circunscrito ao concello de Salceda de Caselas, senón que tamén se está a dar nos concellos da contorna polo que, sinala “é un problema global que está a afectar

á sociedade nun momento tan complexo como o que estamos a vivir por mor da pandemia do coronavirus”.

O Concello de Salceda de Caselas –explica Castiñeira– conta na actualidade con unha plantilla de policía local formada por cinco axentes e un auxiliar, “o que fai inviable unha cobertura 24 horas e coa presenza precisa para afrontar tódolos feitos que vimos de mencionarlle”. Salienta a alcaldesa “a continua comunicación entre o Concello e a Garda Civil do cuartel de Torneiros (Porriño)” comunicación que se fai, sinala “cun afán absoluto de colaboración por ambas dúas partes”.

“Pensamos que se está a facer un bo traballo pola súa banda aínda que tamén somos conscientes da carencia de medios no seu corpo, sobre todo no que a persoal se refire”, apunta Loli Castiñeira.

En todo caso a alcaldesa considera “importante” un reforzo na vixianza que se presta no municipio, “en aras a manter a seguridade da veciñanza e a evitar que poidan suceder acontecementos que teñamos que lamentar, como por desgraza xa aconteceu en algunha ocasión”.

Remata Loli Castiñeira adiantando que, nas vindeiras datas, convocará unha Xunta Local de Seguridade “na que poder analizar esta e outras cuestións”.

PORTUGAL

O Santuario da Nossa Senhora do Sameiro en Braga Xénese de peregrinación da Vía Mariana Luso-Galaica

Por: Roberto Mansilla Blanco

Todo comezou en 1854. O Papa Pío IX proclamou o dogma da Inmaculada Concepción, confirmando unha crenza xeralizada de que a Nossa Senhora María nunca pecou. Por tanto, e incluso antes que acontecera a revelación da Virxe de Fátima en 1917, o culto mariano estaba xa en marcha en Portugal.

O 28 de agosto de 1880 foi bendecida a capela do Santuario de Sameiro en Braga para recibir a imaxe da Nossa Senhora do Sameiro, dando inicio a un culto mariano que actualmente estase desenvolvendo como ruta alternativa de peregrinación dentro do Camiño Portugués de Santiago. Esta imaxe da Nossa Senhora de Sameiro foi esculpida en Roma polo escultor Eugenio Macagnani.

Dende entón, o culto mariano á Nossa Senhora do Sameiro desenvolveuse con maior importancia, converténdose no segundo maior santuario mariano de Portugal tralo de Fátima. O 12 de xuño de 1904 foi coroada a imaxe da Nossa Senhora do Sameiro polo Legado Pontificio pedido polo entón Arcebispo de Braga, D. Manuel Baptista da Cunha. O entón Papa Pío X nomeou ao seu Legado como o Excelentísimo Nuncio Apostólico de Portugal. A coroa da Nossa Senhora do Sameiro foi delineada polo artista

Roque Gameiro e feita nas instalacións do artista bracarense Manuel Casimiro Costa.

Tras realizarse diversas obras na Basílica a partir de 1930 así como a ampliación e construción de novos monumentos, o Papa Juan Pablo II visitou o Santuario de Sameiro en 1982, distinguindo ao mesmo coa Rosa de Ouro, unha importante distinción papal creada en 1049 e que ten especial atención nas advocacións da Virxe María.

Un Santuario esplendoroso

O Santuario do Sameiro en Braga constituíuse por tanto nun altar elevado na honra da Inmaculada Concepción. Segundo o canónigo do Santuario e presidente da Asociación da Vía Mariana en Braga, Cónego José Paulo Leite de Abreu, “a devoción mariana é mais antiga que a xacobeá, e pertence ao patrimonio inmaterial de Galicia e do Norte de Portugal”.

Localizado a 572 metros de altura de Braga, o Santuario é o punto de atracción turística nun triángulo que involucra a Bom Jesus do Monte e Santa María Madalena na Falperra. Ofrece por tanto unha espectacular e privilexiada panorámica da rexión. Recibe anualmente a millares de turistas de diversos países, toda vez o santuario fai parte das redes de devoción marianas existentes ó redor do mundo.

A beleza da súa arquitectura da fe de importantes monumentos



Basílica do Santuario de Sameiro en Braga.

nos que destacan: o Busto do Pai Martinho António Pereira da Silva, fundador do Santuario; os Doutores Marianos; a Columnata para abrigar peregrinos e eventos festivos; a Avenida do Rosário; a estatua do Papa Pío IX; a Gruta da Nossa Senhora de Lourdes; a praza do Papa João Paulo II; o Lago e Parque de Merendas; a Esplanada da Cripta; os monumentos aos Sagrados Corazóns de Jesús e María; o Zimbório, cunha impresionante panorámica; a Basílica; o Xardín das Oliveiras; a Capela do Santíssimo; a Imaxe Primitiva da Nossa Senhora; o Centro Apostólico do Sameiro e Hotel João Paulo II; o Cruzeiro, a Reitoría e a Casa das Estampas e das Irmás Dominicás, entre outros.

Neste espazo xeográfico do santuario destaca igualmente a presenza do Hotel João Paulo II, de categoría 3 estrelas, doutado de excelentes servizos enfocados no benestar, piscina interior, jacuzzi, restaurante, bar, parking interior e wifi. Este hotel é ideal para o descanso e para a realización de eventos como conferencias, xornadas de formación, congresos, banquetes e recepcións, entre outras. Ofrece tamén condicións especiais de alonxamento para os peregrinos da Vía Mariana.

Ruta de peregrinación ata Muxía

Tal e como asegura Luís Martínez, mellor coñecido como “Luís do Freixo”, un dos impulsores desta iniciativa de peregrinación, a Vía Mariana “é unha ruta de iniciación espiritual, non apropiada para grupos de festeiros (...) combina pequenos camiños locais de advocación mariana, que van aos principais santuarios galegos, mediante itinerarios antíguos, de devocións a santos e santas milagrosas”.

Esta ruta ten un sentido bidireccional que transita entre os Santuarios da Nossa Senhora do

Sameiro en Braga e a da Virxe da Barca en Muxía (provincia da Coruña) Implica por tanto unha ruta de peregrinación de 382 quilómetros divididos en 18 etapas por antigos camiños do Norte de Portugal e de Galicia seguindo as rutas marianas. Posúe por tanto un áurea de espiritualidade, patrimonio e riqueza natural.

Esta peregrinación relixiosa comeza a súa etapa no Santuario da Nossa Senhora do Sameiro en Braga e continúa polo Santuario de María da Sé da Catedral de Braga, a Senhora da Paz, o Santuario da Senhora da Peneda e a Senhora da Franqueira para entrar



Cripta da Virxe María.



Altar da Basílica.

PORTUGAL

xa en Galicia por Santiago de Covelo, Estacas, Parada das Achas, o Santuario de María de Aguasantas, Santa María de Sacos, o Santuario de Milagros de Amil, Milagros de Réquiem, Santa María de Herbón (Padrón), Teo, Santiago de Compostela, Señora da Escravitude, Señora do Portal de Corticeira, Señora dos Anxos e finaliza

na Señora da Barca en Muxía.

A ruta desta peregrinación contempla por tanto as Câmaras Municipais portuguesas de Braga, Vila Verde, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez e Melgaço e os Concellos galegos da Cañiza, Covelo, Fornelos de Montes, Pontecaldelas, A Lama, Cotobade, Campo Lameiro, Cuntis, Moraña, Valga e

Pontecesures, na provincia de Pontevedra, e os concellos de Padrón, Santiago de Compostela, Negreira, A Baña, Santa Comba, Vimianzo, Zas, Mazaricos e Muxía, na provincia da Coruña.

Así, a Vía Mariana é un itinerario cultural e relixioso enfocado na devoción mariana pero que, igualmente, aspira revitalizar o patrimonio natural e rural, no que destaca o Parque Natural Peneda-Gêres, e o patrimonio material e inmaterial en torno aos santuarios, igrexas e monumentos así como rituais e advocacións marianas existentes nesta ruta de peregrinación entre Galicia e Norte de Portugal.

Esta ruta ten igualmente un valor relevante en torno ao acervo gastronómico e vitivinícola galego-portugués, así como das rutas sendeiristas próximas a este



Busto de António Pereira da Silva, fundador de Sameiro.

traxecto, que lle outorgan un valor engadido a esta vía de peregrinación.

Con todo, neste 2020 determinado pola pandemia do COVID 19, a peregrinación ao Santuario do Sameiro e as rutas da Vía Mariana están adaptándose a esta “nova realidade”. Neste sentido, tivo que

suspenderse a Peregrinación Arquidiocesana anual prevista para o primeiro domingo de xuño. Non obstante, un obxectivo tamén está marcado no horizonte: as festividades do Ano Santo Xacobeo 2021, no que a Vía Mariana agarda recuperar o seu esplendor como ruta de peregrinación relixiosa.



Entrada Hotel Juan Pablo II.



PORTUGAL

Vila Verde: punto de encontro da Vía Mariana Luso Galaica e do Camiño Portugués de Santiago

Por: Roberto Mansilla Blanco

A ruta da Vía Mariana Luso Galaica iniciada no Santuario do Sameiro en Braga ten unha inmediata continuidade na súa traxectoria polo municipio de Vila Verde. Esta condición lle confire a este municipio unha importancia capital desta vía mariana.

A Câmara Municipal de Vila Verde conta con 47.888 habitantes nas súas 33 freguesías e unha extensión territorial de 228,7 km². Está localizada na Região Norte de Portugal, Distrito de

Braga, no corazón da Provincia do Minho. A súa localización está delimitada pola proximidade cara Galicia e ás montañas da Serra do Gerês e a Costa Marítima.

A riqueza do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, natural, etnolóxico, relixioso e de cultura popular de Vila Verde é unha expresión que reforza a súa singularidade e beleza.

Esta riqueza ven determinada pola notoria presenza de igrexas, santuarios, capelas, cruzeiros e alminhas (petos de ánimas). Outorga así relevancia aos pobos de montaña, testemuñas históricas

Continúa na páxina IX...



Santuario da Nossa Senhora do Alívio na freguesía de Soutelo (Vila Verde).



HOTEL JOÃO PAULO II







A paz, a maravilha da natureza e o ambiente tranquilo de um dos locais mais bonitos do Norte de Portugal concedem ao Hotel João Paulo II, no Sameiro, em Braga, um destino privilegiado: o Santuário de Nossa Senhora do Sameiro.

O local ideal para iniciar ou terminar a VIA MARIANA

Condições especiais para PEREGRINOS

Telefone 00 351 25 36 03 620
joaopaulo2@hoteisbomjesus.pt
www.hoteisbomjesus.pt
 AV. Nossa Senhora do Sameiro, 52 4715-616 Braga

...Ven da páxina VIII.

Vila Verde: punto de encontro da Vía Mariana Luso Galaica e do Camiño Portugués de Santiago

dende a Prehistoria e o pasado romano e que están presentes no patrimonio arquitectónico da vila.

A Vía Mariana en Vila Verde

No relativo á Vía Mariana, Vila Verde é ruta de paso que entronca co Camiño Portugués de Santiago. Son en total 30 km de ruta deste camiño que pasan por este Concelho. Polo tanto, Vila Verde é un paso estratéxico para a continuidade da ruta de peregrinación da Vía Mariana Luso Galaica, visible e correctamente identificada na súa sinalización viaria.

Esta ruta en Vila Verde comeza na Vila de Prado e prosigue ata Goães, onde atopamos o Albergue de Peregrinos de Santo Pedro de Goães, así como a Vía Romana e a Ponte Medieval.

É este un lugar de repouso célebre pola súa arquitectura típica da rexión do Minho, na que se mesturan a paisaxe bucólica, cosmopolita, pintoresca e rústica tipicamente minhota. Define así un camiño percorrido por millares de persoas, con diversos mercados pequenos e fontes de auga abundantes gracias á presenza de ríos que permiten refrescar a travesía.

Continúa a Vía Mariana pola Ponte Filipina, sendo a entrada do Camiño Portugués de Santiago, e que contempla un dos seus máis emblemáticos monumentos filipinos portugueses: a Ponte Filipina. Ésta transporta ao peregrino ata o Largo e o Pelourinho. O lugar conta con as Capelas de Santo Amaro e São Tiago, que conservan a antigüidade da súa arte sacra.

Atopamos nesta vía a Lage, que conta cun antigo hospital que serviu de asistencia para peregrinos. Este camiño está dominado por un entroncamento no que destacan a Quinta da Raiva e a Quinta da Miséria. A riqueza etnográfica, os seus pozos e espigueiros dan beleza a este camiño. Aquí podemos facer un desvío para a freguesía de Soutelo, onde está o Santuario da Nossa Senhora do Alívio (en percurso de sinalización)

Continuamos pola freguesía de Moure. Atópanse aquí varias iconas célebres do Concelho de Vila Verde. Dentro desta riqueza histórica e arquitectónica da Vía Mariana no seu paso por Vila

Verde destacan a Torre de Penegate (medieval) e a Capela da Nossa Senhora da Pena, en Carreiras de São Miguel. Seguimos en dirección a Portela das Cabras, coa súa igrexa e a fonte da carranca. Esta localidade de Portela das Cabras foi a sede do antigo concelho de Penela, extinto a mediados do século XIX.

Seguimos pola freguesía de Duas Igrejas, terra que acollu ao grande poeta Francisco de São Miranda, durante máis de vinte anos. Na freguesía de Pedregais atopamos unha igrexa de estilo románico, continuando para Godinhaços, coa súa Capela de Santo António, así como a igrexa e cruzeiros, acompañados pola marabillosa extensión do Río Neiva. Segue a ruta por São Miguel O Anjo, unha capela localizada no alto do monte que é un dos puntos máis elevados de Vila Verde; e Atães, cun importante comercio local e que conta tamén coa Igrexa Parroquial e a Capela de Santo Amaro, Cruzeiros e Alminhas.

Na ruta mariana destaca tamén a Igreja da Nossa Senhora de Assunção de Aboim da Nóbrega, que ten a súa festa de conmemoración cada 15 de agosto, un acontecemento de importancia relixiosa e cultural para a vila. Outras festividades relixiosas existentes en Vila Verde son as de Santo António Mixões da Terra, Santo António de Vila Verde, Santo Sebastião en Vila de Prado e Santo Amaro de Atães.

A riqueza natural vilaverdense

A presenza dos ríos Cávado, Homem, Vade e Neiva e as súas praias fluviais (Malheira, Ponte Nova e Faial) en Vila Verde son ideais para as actividades deportivas como o piragüismo, as canoas, o kayak e a pesca deportiva, que reforzan a beleza natural da paisaxe rural de Vila Verde.

Neste sentido, o río Neiva ten especial significado para a cultural local vilaverdense, toda vez o poeta Francisco

de Sá de Miranda (1481-1558), considerado o introdutor do Renacemento literario en Portugal, alababa estas paisaxes como ponte de inspiración para os seus poemas.

Dentro desta riqueza natural vilaverdense destaca igualmente o Río Vade, que conta no seu extenso traxecto con paisaxes de igrexas, cruzeiros e incluso unha armadilla de lobos. O río Vade é

tamén un lugar privilexiado para o senderismo.


Outras actividades deportivas en Vila Verde, como a caza, a equitación e a pesca, vense posibilitadas pola existencia de clubs ecuestres, de caza e náuticos.


Apréciase tamén o Parque de Campismo existente na freguesía de Aboim da Nóbrega, entrando xa na ruta final da Vía Mariana no

seu paso por Vila Verde. Este parque é tamén coñecido pola súa Rota de Mixões da Serra, ideal para actividades de BTT. O municipio conta tamén cunha rede de Casas de Turismo rural que permiten apreciar esa riqueza natural.

A gastronomía local e a produción vitivinícola son outras expresións da riqueza existente en Vila Verde. Nos sabores gastronómicos

Continúa na páxina XI...





...Ven da páxina IX.

Vila Verde: punto de encontro da Vía Mariana Luso Galaica e do Camiño Portugués de Santiago

micos vilaverdenses destaca o pudim Abade de Priscos coñecido como Papa dos conzinheiros. A tradición gastronómica local vese igualmente apreciada por pratos típicos como o caldo verde, o pan de broa, as papas de sarrabulho, arroz de pato, cozido á portuguesa, arroz de frango “pica no chão”, o cabrito asado e a vitela.

Vila Verde na cultura popular minhota

Debe igualmente destacarse o valor engadido traducido polas feiras, eventos, romerías relixiosas e o acervo artesanal existente en Vila Verde, que afondan as súas raíces na cultura popular minhota.

Dentro desta riqueza artesanal apréciase os denominados Lenços dos Namorados, sentimentos de amor bordados en lino que preservan antigas técnicas artesanais vilaverdenses provenientes dos séculos XVII e XVIII. Estes lenços de carácter decorativo foran adaptados pelas mulleres para conquistar aos seus namorados.

O barro e a cerâmica son tamén expresións da cultura popular minhota vilaverdense que deran forma ao seu tecido socioeconómico. Nas freguesías de Cabanelas, Cervães, Vila de Prado e Oleiros atopamos un centro cerámico recoñecido desde o século XII.

A música popular minhota presente em Vila Verde é outro valor a destacar dentro da sua cultura

popular, sendo considerada como a de maior riqueza dentro de Portugal. Mistura de alegría e vivacidade coa típica saudade, a música popular minhota en Vila Verde da conta dun folclore específico en cantares e danzas presentes en feiras e romarías, con ritmos como as chulas, as viras, os fandangos e o malhão, considerada a súa expresión musical mais popular.

Támén están as festas típicas da vila, con énfase na produción agrícola e artesanal. Destacan así a Feira dos Vinte de Janeiro (freguesía de Prado), Feira de Santo António (13 de xunho en Vila Verde), Festas das Colheitas (segunda semana de outubro en Vila Verde) e Feira do Mel ou de Santa Luzía.

A preservación do acervo cultural en Vila Verde está confirmado pola presenza de entidades como o Centro de Dinamización Artesanal, o Centro Interpretativo do Patrimonio Cultural de Vila Verde, o Museo do Linho, a Casa do Conhecimento, a Biblioteca Municipal, a Casa do Brinquedo e da Brincadeira e o Museo de Terras de Regalados (arte sacra).

A lenda do Dente-Santo e os vilaverdenses na I Guerra Mundial

Dentro do acervo cultural vilaverdense apreciamos tamén a Lenda do Dente-Santo, focalizada



Ponte medieval en Vila de Prado (Vila Verde).

na localidade de Borges, na freguesía de Aboim da Nóbrega.

Esta lenda de riqueza histórica para a cultura local data de 1920, cando Manuel António Martins, entón de 54 anos, morador da freguesía de Aboim da Nóbrega, aseguraba posuír un “dente-santo” duns oitocentos anos de existencia, e que pertencera a São Frutuoso, abade de Costantim (Vila Real).

Conta a lenda que este “dente-santo” tiña poderes excepcionais para curar a raiva causada pola mordida do can afectado por esta enfermidade. A presenza da Fonte do Dente-Santo preserva igualmente a vixencia desta lenda.

Noutro apartado, Vila Verde ten tamén dimensión histórica a través dos seus combatentes que participaron na I Guerra Mundial. Para documentarse con material bibliográfico, recomendamos o libro do historiador e profesor Ma-

nuel Albino Penteadó Neiva, titulado Vilaverdenses na I Guerra Mundial (1914-1918). Homenagem aos combatentes (Concelho de Vila Verde, 2017).

Na I Guerra Mundial participaron un total de 395 combatentes vilaverdenses, enviados ás fronteas bélicas de Flandres e Francia (301 en total) e para asegurar as defensas portuguesas en Angola (3 enviados) e Mozambique (92). Morreron un total de 61 vilaverdenses, 41 deles en Mozambique e 20 en combates militares en Francia. Uns 79 vilaverdenses foron aprisionados polas forzas alemás en enviados a diferentes campos de concentración.

En 1932 esculpiuse en Vila Verde un monumento de homenaxe aos combatentes, realizado polo arquitecto suízo Ernesto Korrodi. Posteriormente, en 2017, a Câmara Municipal de Vila Verde fixo a es-

cultura en honor aos combatentes, cos nomes de cada un deles, e que está erixida na céntrica Alameda, moi próxima á actual sé da Cámara Municipal.



*Monumento aos vilaverdenses comba-
tentes na I Guerra Mundial esculpido
na Alameda do Concello de Vila Verde.*



Óptica *mahen*

mahen audioprótesis

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

BAIXO MIÑO

A selección uruguaia de remo concéntrase no Centro Especializado de Tecnificación Deportiva de Remo e Piragüismo en Tui

Desde o 17 de agosto, o Centro Especializado de Tecnificación Deportiva de Piragüismo e Remo de Tui acolle a concentración da Selección Nacional Uruguaia de remo, composta por seis deportistas e un adestrador. Permanecerán nestas instalacións ata o 12 de outubro, preparando a regata preolímpica clasificatoria para Tokio 2021. O río Miño, as instalacións de Tui e o alto nivel dos deportistas tudeses, fixeron que a Federación Uruguaia de Remo escollera esta opción, segundo explica o concelleiro de Deportes, Rafael Estévez.

Ao longo do ano estas instalacións acollen concentracións de deportistas de diferentes modalidades deportivas, sobretudo de remo e piragüismo.

O centro está situado na rúa Olímpicos Tudeses, a carón dos centros municipais de remo e piragüismo. Amais hai unhas semanas ampliáronse os servizos que oferta coa apertura dunha



cafetería, tras ser licitada polo Concello de Tui. Deste xeito poden gozar deste servizo tanto os deportistas que adestran nestas instalacións, coma o público en xeral, así coma o peregrinos xa que se atopa nas inmediacións do inicio do Camiño Portugués de Santiago na cidade.

O Centro Especializado de Tecnificación Deportiva de Piragüismo e Remo de Tui (CETD - anterior-

mente Centro Interfederado), conta con ximnasio, dous vestiarios con jacuzzi e sauna, 6 galpóns para embarcacións, dúas habitacións con 24 prazas, unha sala de judo, unha oficina da concellería de Deportes, así como cafetería.

A instalación acolle os adestramentos do Club Remo Tui, do Judo Club Tudense, así como de distintos deportistas de alto nivel do Concello de Tui.

Música tradicional e jazz pechan o verán do Rosal



O Rosal pon esta semana punto e final á súa programación de verán con dous concertos nos barrios este 27 e 28 de agosto nos que a música tradicional e o jazz serán os protagonistas.

O xoves 27 a música tradicional chegará da man do grupo Os Follieiros, a partir das 21.00 horas na Capela de San Vicente de Marzán.

O venres 28 Xacobe Martínez Antelo Trío fará soar jazz galego de primeira liña, sen límites e

sen complexos a partir das 21.00 horas no lateral da Igrexa das Eiras. Saxofón tenor, contrabaixo e batería para vivir a tradición jazzística con este trío renovado.

Nestas dúas actuacións a entrada será de balde e libre ata completar aforo. Os concertos forman parte dunha programación de verán ao aire libre pola que apostou o Concello do Rosal, achegando actividades de rúa para todos os públicos e en pequeno formato aos distintos barrios.

Entra en funcionamento o edificio de Benestar Social de Tomiño, tras a súa rehabilitación enerxética

O remate das obras de rehabilitación enerxética levadas a cabo no Edificio de Benestar Social (antigo centro de saúde), situado no Barrio da Rocha, permitiron a entrada en funcionamento do mesmo, a principios do mes de agosto.

Cun orzamento total de 237.000 euros, procedente dunha achega do IDAE (Instituto de Diversificación e Aforro Enerxético), e de 174.163,00€ de fondos propios, o Concello de Tomiño emprendeu a reforma do edificio en decembro do ano pasado. O proxecto foi posible grazas á concesión, en concorrencia competitiva, dunha subvención a proxectos singulares de entidades locais, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.



O proxecto procuraba a mellora da calidade e sostibilidade do edificio adicado á atención ao público das áreas de Benestar Social, Cultura, Turismo, Mocidade, Deporte, Protección Civil e Policía Local.

A actuación comprendeu, concretamente, a instalación dun sistema de illamento térmico en paredes exteriores; cambio de te-

llado e carpintería exterior, así coma a instalación dun sistema novo de iluminación led e recuperador de calor.

As obras realizadas deron como resultado un edificio municipal de categoría enerxética A, pioneiro no seu tipo na comarca, pensado para lograr un grande aforro en consumos de enerxía.

O Rosal inicia os trámites para a recuperación da contorna da ermida de San Vicente



O goberno local mantivo unha reunión con distintas personalidades coa intención de traballar conxuntamente na posta en valor e recuperación do entorno da ermida de San Vicente, situada no lugar de Marzán. Á reunión acudiu a alcaldesa, Ánxela Fernández, xunto cos concelleiros Carlos Villanueva, Ramón Fernández e a técnica forestal, veciñas da Comisión de San Vicente, membros da asociación forestal 'A Jalleira'

e o párroco da ermida, don Julio.

A ermida de San Vicente, da época medieval, posúe un entorno cun importante valor patrimonial, xa que nel se atopan tamén dous sarteiros medievais escavados en pedra, un conxunto de catro muíños e un lavadoiro.

O Concello actuará como mediador para axilizar os permisos necesarios (Patrimonio, Confederación Hidrográfica, Estrada Provincial e Medio Rural) para poñer en valor este patrimonio.

Cinco mulleres acaparan os premios do 8º Certame de pintura ao aire libre



Cinco mulleres fixéronse cos premios do oitavo Certame de pintura ao aire libre Antonio Fernández, celebrado o domingo 16 en Goián (Tomiño) e Vila Nova de Cerveira e organizado pola Eurocidade Cerveira-Tomiño. O primeiro premio foi para Paz Larrumbide Moreno, procedente do País Vasco. Veciña de Vitoria, Larrumbide (gañadora tamén da sexta edición do certame) pasa as súas vacacións en Baiona, facéndoas coincidir co evento artístico. Exviceconselleira de Vivenda no Goberno Vasco, Larrumbide dedícase á pintura de forma amateur dende hai tan só seis anos.

Nieves Castro Lara (Betanzos) e

Dorinda Garrido González (Nigrán) foron as gañadoras do segundo e terceiro premio, respectivamente. Na categoría infantil, que se convocaba por primeira vez, o primeiro premio foi para Ángela Martín Bragado (9 anos, veciña de Beade. Vigo) e o segundo para Sara Cerveira Ozores (10 anos e veciña de Goián (Tomiño)).

Un total de 38 participantes (32 adultos e 6 menores) se presentaron a concurso, elixindo diversos recunchos da vila goianesa e da súa veciña lusa. A procedencia dos artistas foi coma sempre, moi variada, presentándose xente da zona, pero tamén doutros puntos de Galicia, España e do estranxeiro, incluído

Portugal. A entrega de premios e exposición dos cadros, prevista no interior da Fortaleza de San Lourenzo, fíxose finalmente no pavillón deportivo de Goián, sobre as sete da tarde e o acto estivo presidido pola alcaldesa de Tomiño, Sandra González, quen salientou o nivel acadado polo certame, tanto a nivel artístico, coma de participación. Estiveron presentes tamén as concelleiras de Eurocidade (Fátima Rodríguez) e de Cultura de Vila Nova de Cerveira (Aurora Viaes).

Os traballos expuxéronse no Centro Goianés, pasando a semana seguinte á Bienal de Cerveira, onde permanecen ao longo de sete días, ata o domingo día 30.

Tomiño consolida a implementación da compostaxe



O Concello de Tomiño presentou a segunda fase do Plan Revitaliza de compostaxe individual e comunitario, procedendo á entrega da 1ª remesa de composteiros (30 unidades), de cuxo uso farase un seguimento.

De aquí a final de ano, está previsto repartir ata 3.000 Composteiros individuais (COINs) e a instalación de 13 Centros de Compostaxe Comunitaria (CCCs). Se citarán por teléfono ou por carta aos veciños para asegurar un número de asistentes, tanto para reunións de entrega de COINs, coma para usuarios dos CCCs.

En canto a CCCs comezou a instalación de bases sobre

as que se situará un novo centro no núcleo do Seixo (estacionamento rúa Daniel Calzado), e as de Goián.

Outro servizo que se implementará é a creación de puntos verdes, onde os veciños poidan deixar restos de podas, que serían triturados in situ deixando o triturado a disposición de quen poidan usalo nos seus composteiros, como estruturante.

Tamén se estuda un servizo de préstamo de pequenas trituradoras, para aforrar o traslado ao punto verde.

O orzamento para o proxecto é de 528.104,50 euros, dos que o ente provincial achega o 86%, (456.018 euros) e o Concello o 14% restante (72.086,23 euros).

A Guarda instala na Praza de Abastos colectores para residuos de aparellos eléctricos e electrónicos ao abeiro do Proxecto Estrae

A Concellería de Medio Ambiente do Concello da Guarda ven de instalar no andar superior da Praza de Abastos da localidade 3 colectores para depositar residuos de aparellos eléctricos e electrónicos: móbiles e tablets, pilas e baterías e cargadores e cables.

Esta acción realízase ao abeiro do proxecto europeo STRAEE de reciclaxe do "lixo electrónico" promovido pola Deputación.

A provincia de Pontevedra revalida, con estes recursos, a súa posición como referencia europea, e mesmo mundial, no marco da protección do medio ambiente e no cumprimento da Axenda 2030.

O proxecto STRAEE (Estratexia Sostible Transfronteiriza para a Xestión dos Resíduos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos) conta cun orzamento total de 2.145.000 euros e ten por finalidade impulsar no espazo transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal a xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). Está soportado ao 75% polo fondo FEDER, que achega algo máis de 1,6 millóns de Pontevedra. A Deputación e o resto dos socios achegan os 536.381 euros restantes (a Deputación de Pontevedra destinou 227.000 euros do seu propio orzamento e o resto dos socios españois, Re-



vertia, ERP España e EnergyLab, e portugueses, ERP Portugal e Liport, achegan o resto).

Mellora do entorno do Parque de Laxe Grande na Guarda



Apasada semana comezaron as obras de mellora do entorno do Parque de Laxe Grande da Guarda, unhas obras que inclúen a reposición do firme e da área do parque infantil, reparación dos camiños interiores, reparación da fonte e substitución

integral da balustrada de pedra.

Estas obras veñen a mellorar un dos espazos públicos do noso municipio, aportando tamén novas medidas de seguridade cunha nova balustrada en pedra, máis segura e firme que a que existía até o de agora.

PONTEVEDRA

A Deputación e os concellos de Vilagarcía de Arousa, Portas e Caldas de Reis oficializan a estrea da primeira Vía Verde de Galicia no corazón do Salnés

A comarca do Salnés desfruta xa da súa nova Vía Verde, a primeira que descorre integramente por territorio galego, unha vez que remataron as obras realizadas pola Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas. A presidenta da Deputación, Carmela Silva, acompañada polos alcaldes Alberto Varela, Juan Manuel Rey e Ricardo Martínez, inaugurou esta nova senda para uso peonil, cicloturista e para persoas con mobilidade reducida pola traza do antigo trazado ferroviario que, a partir de agora, convértese nun reclamo turístico e de lecer de primeira magnitude para a provincia.

Carmela Silva percorreu cos alcaldes un tramo de quilómetro e medio da nova vía, desde Caldas de Reis ata o entorno do pazo de Rubiáns, onde está situado un dos dous miradoiros instalados ao longo dos pouco máis de 9 Km deste percorrido moi plano e marcado polo paso a través de paraxes de gran beleza paisaxística. A obra, cun orzamento de 356.186,87 euros, foi financiada maioritariamente pola Deputación, que dotouna con 200.000 euros. Os concellos achegaron 84.000 euros (Vilagarcía de Arousa); 53.600 euros (Caldas de Reis) e, finalmente, os 19.000 de Portas. A Vía Verde polo antigo camiño de ferro queda así rematada agás a rehabilitación da ponte metálica sobre o río Umia, que asume a Xunta de Galicia xunto co mobiliario e a sinalética de toda a ruta, cuxas obras xa comezaron e que estarán rematadas antes de fin de ano.

As obras realizadas pola Deputación abran-



guen os 9 km entre Abelle e Portas (agás a ponte) e comezaron pola demolición de elementos en desuso na vía (retirada de postes telefónicos, cablaxe, canalizacións e arquetas) e tamén de roza e tratamentos para retirada da vexetación invasora da plataforma ferroviaria, así como o tratamento dos noiros inestables. Posteriormente executouse a pavimentación necesaria con xabre natural e actuouse sobre as interseccións con camiños e estradas. Ademais disto, instaláronse elementos de protección e quedaron habilitados os dous novos miradoiros e os tres espazos para áreas recreativas e, por último, as obras incluíron a limpeza e mantemento do sistema primitivo de drenaxe da infraestrutura ferroviaria. As tres características fundamentais son a accesibilidade, a facilidade do percorrido

e a invitación ao goce do contorno medioambiental e do patrimonio cultural.

A nova vía é a primeira que transcorre integramente por Galicia, pois tan só existe unha intercomunitaria entre Galicia e Asturias polo río Eo. A ecovía parte de Abelle (Rubiáns), en Vilagarcía de Arousa e finaliza na estación de ferrocarril de Portas, tralo seu paso polo municipio de Caldas de Reis. Ao longo do percorrido destacan múltiples lugares e puntos de interese coma o pazo de Rubiáns, o antigo apeadoiro de Ande, a ponte metálica sobre o Umia ou a antiga azucreira de Portas. Ademais, serve de conexión co Camiño Portugués e o Camiño da Costa, xa que transcorre moi próxima a Santa María de Caldas, un paso obrigado para as peregrinas e peregrinos.

12,8 millóns de euros para a inserción laboral de 1.600 persoas

O esforzo da Deputación de Pontevedra pola formación e inserción laboral chegará este ano a máis de 1.600 persoas. O Plan Concellos, a través da Liña 3, dedicada a Emprego en servizos municipais, é a espiña dorsal deste operativo. A Deputación destina 9,5 millóns de euros a financiar a contratación directa de preto de 1.000 traballadoras e traballadores por parte dos 58 concellos adheridos. Ao balanço cómpre tamén engadir os plans O teu primeiro emprego, financiado con fondos propios, e TIC Emprendes, con financiamento europeo, que chegarán a máis de 600 persoas.

Os tres principais programas laborais da Deputación contan cun orzamento total de 12,8 millóns de euros, que se reparten entre os 9,5 millóns de euros cos que a Deputación sufraga os contratos do Plan Concellos, os 2,6 millóns reservados para o programa de inserción par anovos titulados O teu primeiro emprego e os 700.000 euros dos fondos europeos do TIC Emprendes.

Aberto o prazo para a DepoRuta BTT de Pontereas

Enmarcada na programación Vive Deporte, A Deputación abriu o día 24 o prazo de inscrición para a "DepoRuta BTT" que percorrerá o concello de Pontereas o 13 de setembro e que ofrece 200 prazas.

As e os interesados en participar nesta ruta en bicicleta poderán inscribirse a través da web www.depo.gal ata completar o límite de prazas ata o 7 de setembro, ás 12 horas. Unha vez cubertas as prazas, abrírase unha lista de agarda. As persoas participantes se lles confirmará a asistencia a través da web www.depo.gal coa publicación da lista definitiva, e vía SMS, co programa "Depo Informa".

Preto de 9.400 persoas xa visitaron os castelos de Sobroso e Soutomaior este verán

Ata o de agora xa son preto de 9.400 as persoas que percorreron os castelos de Sobroso e Soutomaior este verán. Deste xeito, estes recintos históricos, consolídanse como eixes de atracción de visitantes trala aposta da Deputación de Pontevedra por convertelos, mediante protocolos específicos, en espazos seguros fronte á covid-19. Amais, a Deputación está a impulsar este verán actividades "a medida" como "Re acción nos castelos" ou rutas como a dos vi-

ñedos de Soutomaior, que rexistran o "cheo completo" en canto abren os prazos de inscrición.

O Castelo de Sobroso rexistrou entre xuño e mediados de agosto 3.319 visitantes, son 20 persoas máis que as que se achegaron ata o recinto o pasado ano durante o mesmo período. No que respecta ao castelo de Soutomaior, entre xuño e mediados deste mes foron 6.053 as persoas que se achegaron ata el.

Concertos pendentes

Quedan pendentes dúas ac-



tuacións previstas no "Re acción nos castelos" para o venres 11 de setembro, ás 19 horas, no castelo de Sobroso a cargo de

"Os Quinquilláns" e para o xoves 17, tamén ás 19 horas, en Soutomaior co concerto de "Vero Rilo & Sonsoles Penadique".

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



AQUI
NON

Os materiais non degradables
poden permanecer centos de
anos na natureza

#AquíNon #Responsabilízate



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030

Cans acollerá este ano a estrea de 15 obras e terá dúas novas seccións nun certame marcado pola edición limitada

Un total de 25 curtametraxes e 15 videoclips competirán nas diferentes seccións oficiais do Festival de Cans 2020, que ten prevista a súa celebración entre o mércores 2 e o sábado 5 de setembro. O festival terá este ano dúas novas seccións, unha delas, a sección competitiva "Novas Camadas", adicada a cineastas debutantes, e outra a sección "Directrices", na que se proxectarán obras dirixidas por actrices e actores que deron o paso a poñerse detrás da cámara.

Ata 15 destes filmes son estreos, oito delas estreos absolutos, entre as que destacan a curta de animación "Reality", do director David Fidalgo, finalista da última edición dos Goya ou "Hijos del Cuerdo" de Borja Santomé, gañador da sección de animación de Cans en 2018. Gran parte das curtas serán estreos en Galicia, a maioría aínda moi pouco vistas en festivais, e algunhas delas estreos en España, como "Blacks and Whites", da coruñesa Anita Pico, unha talentosa cineasta afincada en Londres, que foi elixida nun proxecto de novos cineastas impulsado pola BBC.

A XVII edición do certame, que se celebra en Cans (O Porriño), foi presentada nun evento no que participaron, entre outros, o Concelleiro de Cultura, Román Rodríguez, a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a alcaldesa de O Porriño, Eva García de la Torre, e Antonio Cortés, en representación de Gadi.

O equipo responsable da organización do Festival, promovido pola Asociación Cultural Arela, traballou nun certame onde prima o acceso restrinxido e a edición limitada, pero onde a calidade das obras se mantén intacta. O evento parte dunhas medidas que garantan a seguridade de veciños e veciñas: un "escudo protector" ós maiores, chimpíns para catro persoas só con paseos honoríficos, redución de xalóns e aforos ou actuacións de día para público sentado son algunhas das principais medidas.



Entradas á venda ta o día 31

A limitación de aforo estase a notar na demanda de entradas. As que dan acceso á estrea en pantallas de cinema da longametraxe galega A illa das mentiras, de Paula Cons, xa están esgotadas. E a penas quedan entradas para as proxeccións de tarde e da sección oficial. No caso das entradas que dan acceso á sesión matutina do sábado 5, na que tamén se manterá un coloquio con Oliver Laxe, a venda continúa a moi bo ritmo. O vindeiro luns, día 31, pecharanse tanto a taquilla coma a posibilidade de rexistrarse nas actividades de balde.

Este ano será necesaria unha entrada ou rexistrase previamente para todas as actividades, e só poderán usar o bus a Cans as persoas con entrada. Entre as actividades do Festival que máis atención están reclamando destaca o coloquio Café con CREA coa directora e montadora Julia Juániz, que ten traballado con grandes directores como Carlos Saura, Basilio Martín ou Víctor Erice. A presenza de Oliver Laxe no coloquio na Leira e dos actores de "O que arde", Benedicta Sánchez e Amador Arias, no coloquio Fundación AISGE: "Intérpretes por azar", ou as actuacións de Henrik Rover e Amaro Ferreiro, son momentos centrais do certame, que este ano tamén lembrará a Chano Piñeiro nos 25

anos do seu falecemento.

Manane Rodríguez converteuse na primeira directora que recibirá o galardón de honra do Festival, o Premio Pedigree. Nacida no Uruguai na metade dos 70, é unha fundadora da produtora Xamálú Filmes. Dirixiu catro películas de ficción que retratan como unha cineasta feminista valente, comprometida e activista, cunha obra caracterizada polo rescate da memoria e pola resistencia. No seu currículo destacan o Premio Ópera Prima no Festival de Peñíscola

(por Retrato de una mujer con hombre al fondo, 1996) e unha Mención Especial do Xurad o da Prensa Internacional da Seminci de Valladolid (por Los pasos perdidos, 2001). En 2016, foi elixida para representar a Uruguai nos Premios Oscar coa produción galego-uruguia Migas de Pan.

Seguridade

A seguridade será primordial na nova edición do Festival de Cans. Tanto pola redución de aforo –só se empregarán 4 xalóns, fronte aos 11 de anos anteriores– como pola creación de

'escudos protectores' arredor das casas dos veciños maiores, ou a case total eliminación de desprazamentos internos para asistir a diferentes actividades dentro do Festival.

Non haberá actuacións nocturnas nin festa no Torreiro. As actuacións e actividades serán todas sentadas e de pago: Amaro Ferreiro, Henrik Rover, coloquio Oliver Laxe, ou con inscrición previa no caso de acceso libre. O festival rematará todos os días ás 23,30 horas.

Créase un gran espazo central, o Espazo Estrella Galicia da Leira do Río, onde terá lugar a Noite das Veciñas e veciños, a actuación de Amaro Ferreiro e a Noite das homenaxes o venres 4, e o coloquio de Oliver Laxe, os encontros cos curtametraxistas e a actuación de Henrik Rover e a entrega de premios o sábado 5.

O certame conta este ano co apoio de entidades coma a Xunta de Galicia, a través de Agadic e do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021, a Deputación de Pontevedra, o Ministerio de Cultura, Fundación Aisge, ou empresas coma Estrella Galicia e Gadi. E, tamén, dunha longa relación negocios locais que apoian o Festival de Cans ano tras ano.

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61